

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 28 DE XUÑO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e oito de xuño de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as nove horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 25 de xuño de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- APROBACIÓN DAS BASES DA INICIATIVA “RODEIRO DE TAPAS. XI XORNADAS DE PROMOCIÓN DOS PRODUTOS LOCAIS”

Os obxectivos principais da iniciativa responden á promoción da gastronomía local, a dinamización do sector hostaleiro local e á promoción turística e comercial do Concello.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar as bases da iniciativa “*Rodeiro de tapas. XI Xornadas de promoción dos produtos locais*”, co contido íntegro que se contén no anexo do presente acordo.

Segundo.- Aprobar o correspondente gasto, por importe máximo de OITO MIL EUROS (8.000,00 €), imputable á partida presupostaria 330/226 do orzamento en vigor.

ANEXO

BASES RODEIRO DE TAPAS XI XORNADAS DE PROMOCIÓN DOS PRODUTOS LOCAIS

Póñense en marcha as undécimas xornadas de tapeo, organizadas pola Concellaría de Cultura, Turismo, Patrimonio, Comercio e Sanidade do Concello de Rodeiro.

1. OBXECTIVOS

- 1.1 Dar a coñecer o potencial gastronómico do pobo de Rodeiro a través da promoción de produtos locais de recoñecida calidade: lácteos, carnes, caza, pan, ovos, etc.
- 1.2 Impulsar o sector hostaleiro local e o sector produtivo primario.
- 1.3 Consolidar esta iniciativa facer dela unha ferramenta de promoción turística, comercial e de desenvolvemento.
- 1.4 Converter Rodeiro en Destino turístico pola gastronomía, a paisaxe e a Historia.

2. O CONCURSO E CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

2.1 Nesta iniciativa participan aqueles bares e restaurantes do Concello de Rodeiro que así o desexen. O éxito dependerá, en gran medida, da presentación, elaboración, servizo e creatividade da tapa que cada hostaleiro/a presente. Deberán ter presente que o seu esforzo será recompensado coa mellora da imaxe do seu colectivo e o incentivo que supón a idea de chegar a un maior número de clientes.

2.2 O prazo para a inscrición levouse a cabo entre os días 31 de maio e 5 de xuño de 2024.

2.3 O día 5 de xuño, o chef Carlos J. González do Restaurante Merenzao, de Sober (Lugo) realizou unha visita a cada un dos locais, que tiñan preparada a súa tapa, e asesorounos nas melloras que podían realizar e, aos que non o tiñan claro, fíxolles propostas para a súa elaboración.

O día 11 de xuño, a organización pasou a fotografar a tapa definitiva, a cal aparecerá nos carteis do concurso.

2.4 Cada establecemento presenta ao concurso unha soa tapa.

DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO

As datas que se propoñen para o desenvolvemento do concurso serán as seguintes: 28, 29 e 30 de xuño.

Todas as tapas serán realizadas aproveitando, na medida do posible, os fantásticos produtos do concello.

Coincidindo coas datas de realización do concurso o Concello de Rodeiro promoverá a realización de eventos relacionados coa cultura e o patrimonio co fin de vincular a distintos sectores da vida municipal no obxectivo de impulsar as potencialidades do noso pobo.

2.5 Establécese un prezo fixo unitario de 2,50 €/tapa.

2.6 O Xurado conformarase preferentemente por xornalistas, cocifeiros/as, actores/actrices, expertos/as en alimentación, produtores/as de alimentos ou bloggers que darán conta das tapas e as súas valoracións, nun fin de semana de concurso. A designación dos integrantes do xurado profesional farase mediante acordo da Xunta de Goberno Local a proposta do Sra. concelleira-delegada responsable do concurso.

2.7 Os establecementos comprométense a ter á disposición do público, e en cantidade suficiente, a tapa coa que participan durante os días de duración do evento e servirán as tapas entre as 12:00 h. e as 15:00 h. e entre as 19:00 h. e as 23:30 horas. Os establecementos poderán ampliar este horario, pero en ningún caso reduci-lo. Os establecementos que por algunha causa xustificada non poidan cumprir o horario establecido, deberán comunicarllo á organización.

2.8 Os establecementos deberán colocar nun lugar visible o material promocional e corporativo do concurso, a enumeración dos locais participantes, un cartel publicitario, unha fuma e uns tacos de votación para que o público poida valorar a proposta feita por cada local.

2.9 Ademais, os establecementos participantes deberán:

- a) Dentro do establecemento, indicar e diferenciar de maneira visible na súa oferta a tapa que participen no concurso.
- b) Dar un informe final sobre o número e colaborar coa enquisa de valoración do evento que se realizará co fin de mellorar as futuras edicións do mesmo.

3. A TAPA

3.1 As tapas deberán empregar como ingredientes produtos de calidade da nosa terra, tratando a preparación de maneira tradicional ou ofrecendo unha cociña de novas tendencias pero mantendo as materias primas e o espírito da nosa gastronomía.

Na súa valoración terán especial consideración:

- A elaboración
- A presentación
- O sabor
- Orixinalidade/Usos produto local/Calidade do servizo

As tapas puntuaranse de 1 á 5 nos catro apartados anteriores, a que obteña a maior puntuación será a tapa gañadora e así sucesivamente, para o segundo e terceiro posto

Ademais na tapa que sexa elaborada con produtos procedentes da produción local valorarase especialmente a promoción e a innovación que se consiga a través da conxunción do sector produtivo primario e a hostalería, xa que logo entre os obxectivos do programa está poñer en valor o produto local de calidade e promocionalo.

4. PARTICIPANTES

4.1 Concurran os establecementos de hostalería que teñan o seu establecemento radicado dentro do termo municipal. Para os establecementos participantes crearáselle, de solícitalo, unha conta na web que permita a localización do seu negocio en Google Maps e un enlace á páxina web da iniciativa en Facebook, sen custe para eles. Neste sentido, aproveitarase a infraestrutura existente das edicións pasadas, soamente para os interesados que desexen continuar participando.

Os establecementos participantes nesta XI edición son os seguintes:

1. Casa Sánchez. "Sopa fría de améndoas e coco"

2. Cabalos do Faro. "Xarrete dos cabaleiros"
3. Parrillada Maranteiro. "Capón na cesta"
4. Bar Dacal. "Curri-too"
5. Bar Desito. "Bolita explosiva"
6. Pub Gallaecia. "Tosta Rica"
7. Bruxas e Coruxas. "Santa Compañía"
8. A Esmorga. "Cornete de cogumelos"
9. O Recanto. "Sabor Labrego"
10. Restaurante A Latiza. "Platillo Volante"
11. Pub Quirós. "Limíña de polo"

5. PREMIOS

Establécense dúas categorías de premios: premios do xurado profesional e premios do público.

5.1- O xurado profesional visitará Rodeiro nun dos días do concurso e determinarán a 1ª, 2ª e 3ª mellor tapa. Cós seguintes apartados:

TARXETA DE VALORACIÓN XURADO PROFESIONAL

NOME DO ESTABLECEMENTO	PRESENTACIÓN Puntuar de 1 a 5	SABOR Puntuar de 1 a 5	ELABORACIÓN Puntuar de 1 a 5	ORIXINALIDADE/USO PRODUTO LOCAL/CALIDADE DO SERVIZO Puntuar de 1 a 5

O premio do xurado profesional determinarase polo que obteña maior coeficiente resultante de dividir o número total de puntos obtidos nas votacións entre os membros do xurado. A de maior puntuación será a tapa gañadora e así sucesivamente, para o segundo e terceiro posto.

5.2 Modelos de cupóns de valoración do público.

TARXETA DE VALORACIÓN DO PÚBLICO (Anexo I)

- O premio do público determinarase polo coeficiente resultante de dividir o número total de puntos obtidos nas votacións entre as papeletas depositadas na urna. A mellor tapa será a que maior coeficiente acade como resultado desa división, determinando así a 1ª, 2ª e 3ª mellor tapa, sendo necesario contabilizar un mínimo de 70 cupóns do público.

6. PREMIOS XURADO PROFESIONAL AOS ESTABLECEMENTOS.

O establecemento gañador do concurso será premiado con:

Primeiro clasificado:

- Un (1) ano gratis de inscrición á Asociación de Empresarios do Deza (AEDeza).

Segundo clasificado:

- Seis (6) meses gratis de inscrición á Asociación de Empresarios do Deza (AEDeza)

Terceiro clasificado:

- Tres (3) meses gratis de inscrición á Asociación de Empresarios do Deza (AEDeza)

Os establecementos gañadores recibirán o diploma acreditativo correspondente e participará nas accións de publicidade que se realicen con posterioridade.

6.1 PREMIOS DO PÚBLICO:

Papeletas de votación:

Cada establecemento terá un talonario. As papeletas terán que estar cubertas polo cliente cumprimentando todos os datos, de non ser así a papeleta non será contabilizada. Nela poderán valorar a tapa do 1 ó 5, e será depositada na urna. Poderán utilizar unha papeleta por tapa consumida. Cada papeleta debe ser depositada no local no que se consumiu a tapa, non se admiten como válidas as papeletas depositadas nunha urna distinta á do local no que se consumiu a tapa obxecto de valoración.

Entre todas papeletas, poderán optar mediante sorteo os seguintes premios:

1. Galicia Calidade. 1 noite nun establecemento a definir para 2 persoas
2. Galicia Calidade. Lote de produtos
3. Exclusivas Campos, AAlacena. Lote de produtos
4. Cogal. 1 cea para 2 persoas nun establecemento de Rodeiro
5. Concello de Rodeiro. 1 cea para 2 persoas nun establecemento de Rodeiro
6. Disanfa. Sortearanse 3 lotes de viños
7. Disaga, Méndez-Rojo. Sortearanse 11 lotes de viños

Entre todos os cupóns de valoración do público realizarase un sorteo con varios gañadores.

Os premios serán uns lotes de produtos subministrado polos colaboradores da iniciativa.

Os premios caducarán aos trinta (30) días naturais a partires do sorteo, despois pasará a ser premiado ó 1º reserva de cada premio que entra no sorteo, polo tanto serán sacadas unha papeleta reserva por cada premio.

A data de entrega de premios aos establecementos gañadores e o sorteo dos gañadores entre o público participante realizarase nun acto conxunto e programado en coordinación cos negocios participantes.

6.2 PUBLICIDADE

6.2.1 Con esta nova edición de Rodeiro de tapas temos una magnífica oportunidade para dar a coñecer os produtos locais e incentivar a visita ao Concello, contribuíndo deste xeito a dinamización económica e social.

O paquete publicitario esténdese a dúas categorías "público" e "establecemento".

6.2.2 Establecemento.

A organización equipará a cada establecemento con carteis A3 con a publicidade do evento.

Cupóns de votación para os seus clientes e urnas de cartón para o seu depósito.

Traballarase cos perfiles en redes sociais coa información detallada do evento (participantes, premios, tapas, localización, etc).

6.2.3 Público.

Cada cliente poderá votar en cada establecemento a súa valoración da tapa que degustou. Deberá completar correctamente a información persoal requirida no cupón de votación. De entre todos os participantes na valoración das tapas sortearemos uns lotes de produtos aportados polos colaboradores.

ANEXO I – TARXETA DE VALORACIÓN DO PÚBLICO



RODEIRO DE TAPAS

DATOS DO VOTANTE (OBRIGATORIO)

Nome e apelidos

Teléfono

Nome do local

Puntuación
■ 1 Punto ■ 2 Puntos ■ 3Puntos ■ 4Puntos ■ 5Puntos

Os datos recollidos serviran para a realización do sorteo e a difusión da iniciativa. Todos os datos serán tratados de acordo coa Lei de Protección de Datos e a Lei de Acceso á Información Pública. Os datos serán tratados de acordo coa Lei de Protección de Datos e a Lei de Acceso á Información Pública. Os datos serán tratados de acordo coa Lei de Protección de Datos e a Lei de Acceso á Información Pública.

[f](#) [@rodeiro_gastronomico](#)

3.- DESIGNACIÓN DOS INTEGRANTES DO XURADO PROFESIONAL DO CONCURSO “RODEIRO DE TAPAS. XI XORNADAS DE PROMOCIÓN DOS PRODUTOS LOCAIS”

De conformidade co establecido nas Bases aprobadas por este órgano, a Xunta de Goberno Local, a proposta da Sra. concelleira-delegada de Cultura, Turismo, Patrimonio, Comercio e Sanidade, e por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda designar aos seguintes integrantes do xurado profesional do concurso “Rodeiro de Tapas. XI Xornadas de promoción dos produtos locais”:

- Vanessa Taboada Santfín, nutricionista, divulgadora e colaboradora da TVG.
- Isabel Crespo Feáns, instagramer.
- Xesús Mazaira Varela, da queixería *Airas Moniz*
- Alfonso Cidre Meijide, das bodegas *ViniGalicia*

SECRETARIA (con voz e sen voto):

- Xulia Dacal Juiz, concelleira-delegada de Cultura, Turismo, Patrimonio, Comercio e Sanidade.

4.- CONTRATACIÓN DE DOUS/DÚAS (2) TRABALLADORES/AS AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN SOLICITADA Á CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, RESCATE E SALVAMENTO EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS DESCUBERTAS

Dáse conta aos/ás membros deste órgano que, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 13 de xuño do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo para a contratación de dous (2) postos de traballo de socorristas, para os que foi solicitada subvención ao abeiro da Orde do 27 de maio de 2024 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a concellos de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento

nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (DOG núm. 105, do 31/05/24).

De conformidade coas bases e baremo aprobados, o Concello procedeu a solicitar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as aos postos de traballo ofertados (RS núm. 438, do 13/06/24). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello a seguinte relación de candidatos/as:

Socorrista (oferta núm. ██████████)

- Diéguez Codesal, Hugo
- García Pereira, Francisco
- Pereiro Taboada, Lorena

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse aos/ás candidatos/as preseleccionados/as un prazo de cinco días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante o prazo concedido, presentaron a documentación os/as seguintes candidatos/as:

- Pereiro Taboada, Lorena (RE-E núm. 365, do 23/06/24)
- Diéguez Codesal, Hugo (RE núm. 1036, do 25/06/24)

A continuación, a Xunta de Goberno Local procedeu á comprobación do cumprimento por parte dos/as candidatos/as presentados/as dos requisitos establecidos nas bases, admitíndoos/as ao proceso selectivo.

Procédese deseguido á valoración dos méritos dos/as candidatos/as admitidos/as, co seguinte resultado:

CANDIDATO/A	CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS	SITUACIÓN FAMILIAR	SITUACIÓN DESEMPREGO	FORMACIÓN ACADÉMICA	TOTAL
Lorena Pereiro Taboada	1	0	1	2	4
Hugo Diéguez Codesal	1	0	0	2	3

Visto o actuado e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal a tempo completo, modalidade de mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, por un período de dous (2) meses e quince (15) días, dos/as traballadores/as que deseguido se sinalan:

Socorrista (37,5 horas/semana)

NOME E APELIDOS	DNI
LORENA PEREIRO TABOADA	██████████
HUGO DIÉGUEZ CODESAL	██████████

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

5.- ACORDO DE ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEGAMP PARA A LICITACIÓN DOS SERVIZOS POSTAIS E TELEGRÁFICOS DAS ENTIDADES LOCAIS ASOCIADAS

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Federación Galega de Municipios e Provincias (en adiante, FEGAMP) por acordo da Comisión Executiva, de data 21 de maio de 2024, aprobou a creación dunha Central de Contratación como un servizo especializado da Federación para os servizos postais e telegráficos necesarios no ámbito da FEGAMP e das súas entidades asociadas, así como os organismos autónomos e entes públicos dependentes deles, ao amparo do previsto nos artigos 227 e 228 da Lei de Contratos do Sector Público.

Segundo.- O Concello de Rodeiro ten manifestado o seu interese na contratación centralizada do servizo postal e telegráfico e, polo tanto, está interesada en formalizar a adhesión á Central de Contratación creada pola FEGAMP.

Xa que logo, sendo de interese para esta entidade a utilización da Central de Contratación da FEGAMP, debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adherirse á Central de Contratación da FEGAMP, a fin de poder contratar os servizos postais e telegráficos que sexan contratados pola mesma.

Segundo.- Adherirse ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos celebrado por dita Central de Contratación durante o prazo establecido no mesmo, incluídas as prórrogas que eventualmente se acorden, comprometéndose a adquirir as subministracións ou os servizos postais e telegráficos que a Central de Contratación da FEGAMP vai adquirir, nos mesmos termos e condicións de adxudicación do contrato.

Terceiro.- Emitir o correspondente documento de compromiso de reserva do crédito, conforme á estimación de prezo do servizo para a entidade que se recolle nos pregos de cláusulas administrativas.

Cuarto.- Con relación á adhesión específica ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos, o Concello obrígase a:

- a) Designar un órgano ou persoa de contacto para manter as comunicacións que procedan coa Central de Contratación da FEGAMP, así como notificar calquera modificación que se produza naqueles (nome e apelidos, cargo, teléfono e correo electrónico).
- b) Proporcionar á Central de Contratación da FEGAMP toda a información e documentación lle sexa requirida en relación coa execución dos servizos contratados.
- c) Poñer en coñecemento da Central de Contratación da FEGAMP as demoras nos prazos de entrega, defectos na prestación dos servizos ou calquera outro incumprimento total ou parcial relacionado co contrato, para a adopción das medidas oportunas.
- d) Realizar a recepción dos servizos e efectuar o seu pago nos termos contemplados no contrato.
- e) En relación á facturación, proporcionar os seguintes datos que sexan procedentes: relativos á oficina contable, órgano xestor e unidade tramitadora (código DIR).
- f) Comprometerse a actualizar calquera dato de contacto ou facturación en canto este se produza.

Quinto.- Facultar ao representante da entidade para a formalización de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente Acordo.

Sexto.- A adhesión á Central de Contratación da FEGAMP surtirá efecto a partir do día seguinte á data de toma do presente Acordo e manterá a súa vixencia indefinidamente en tanto non se modifique, denuncie ou resolva por vontade dunha das partes.

6.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SILVIA GRANJA PEREIRA 24,86 €
Por subministro de diverso material de ferraxería e electricidade, s/factura núm. 24/24.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 275,85 €
Por diversas reparacións eléctricas no Centro de Saúde, s/factura núm. 39/24.
- CEXNOR TECNIC S.L. 954,41 €
Por traballos de revisión de extintores en edificios municipais, s/factura núm. FA24/839.
- PABLO GARCÍA PAIS 801,79 €
Por traballos de reparación de diversa maquinaria municipal, s/factura núm. 2024-0089.
- SOCIEDAD MUSICAL DE MUIMENTA 1.200,00 €
Por actuación musical nas festas patronais de San Antonio en Rodeiro, s/factura núm. 04.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 54,01 €
Por subministro de queixos para degustación na iniciativa “Sabor Labrego”, s/factura núm. 34052.

- PENELAS.C. 57,72 €
Por subministro de diverso material para a iniciativa “Sabor Labrego”,
s/factura núm. 10.

- MIGUEL LÓPEZ FERREIRO 16.577,00 €
Por actuación da orquestra “Panorama” na iniciativa “Sabor Labrego”,
s/factura núm. 2024/09 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas corenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)